



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO VINTE E OITO DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E CINCO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL (EXPEDIENTE 2025/G007/000007)

O 28 de abril de 2025, ás 11:00 h, reuníronse os membros da Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente para os efectos de tratar os asuntos da Orde do día da convocatoria.

ASISTENTES

Presidente
José Manuel Mato Martinez

CONCELLEIROS/AS PRESENTES:

Constantino Fernández Vila
María Josefa Álvarez Bugallo
Raquel Fondo Pérez

CONCELLEIROS/AS AUSENTES:

Juan Ramón Vidal Torrado

Secretaria: Antía Pena Dorado

O presidente abre a sesión despois de comprobar que existe o quórum que esixe o artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

1 Aprobación da urxencia da sesión

O alcalde explica que a urxencia está motivada pola necesidade de subir á plataforma SUBTEL a documentación do expediente 2025/C002/000002, incluída no POS+ Complementario 2025 antes do 30.04.2025 que non se puido facer antes pola ausencia do técnico municipal.

O presidente somete a urxencia a votación.

As/os membros da Xunta de Goberno Local que están presentes aproban a urxencia por unanimidade de votos a favor.

2 Aprobación do proxecto actualizado denominado: Mellora da capa de rodadura nba Campara e na Bouza, incluído no POS+ Complementario 2025

O alcalde dá conta da proposta.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

APROBACIÓN DO PROXECTO ACTUALIZADO DENOMINADO: MELLORA DA CAPA DE RODADURA NA CAMPARA E NA BOUZA, INCLUIDO NO POS+COMPLEMENTARIO 2025

ANTECEDENTES:



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión ordinaria que tivo lugar o vinte e nove de novembro de 2024, aprobou as Bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+2025, publicado no BOP número 233 do 3 de decembro de 2024.

O Pleno do Concello de Ponteceso, na sesión que tivo lugar o día 05/02/2025, acordou participar no dito Plan.

Unha vez revisada a documentación achegada por parte do Concello, a Deputación Provincial fainos un requirimento sobre o proxecto presentado: MELLORA DA CAPA DE RODADURA NA CAMPARA E NA BOUZA, redactado polo arquitecto, Gonzalo García Martínez, COAG 20.206, de outubro de 2024, cun orzamento total (con IVE) que ascende a 41.287,23 €, co seguinte literal:

«Na pavimentación da pista municipal situada na marxe dereita da estrada DP 4307 Malpica a Ponteceso (P.Q. 12+270), deberá incluírse a conexión das augas procedentes do camiño a pavimentar coas pluviais da DP 4307 co fin de evitar que a auga procedente da pista municipal discorra pola estrada provincial.

Deberá incluírse no proxecto planos e presuposto para a colocación dunha reixa transversal ao camiño, apertura de cunetas por ambas marxes da pista e a conexión, tanto das cunetas como da rexilla ás pluviais da estrada.»

Este Concello sube á plataforma SUBTEL o novo proxecto: MELLORA DA CAPA DE RODADURA NA CAMPARA E NA BOUZA, redactado polo arquitecto, Gonzalo García Martínez, COAG 20.206, de marzo 2025, cun orzamento total (con IVE) que ascende a 43.990,82 €.

Constan no expediente o informe técnico de necesidade e o informe sobre o investimento, anexo V, asinado polo arquitecto técnico municipal, con data 24/04/2025, así como o informe xurídico, anexo VI, asinado pola secretaria o 25/04/2025, o informe de Intervención, anexo VIII, asinado o 25/04/2025 e a memoria económica, anexo VII, asinada polo alcalde o 25/04/2025.

Considerando o disposto nos artigos 121 a 126 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro; e nos artigos 124 ao 137 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Considerando o disposto no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e no PXOM de Ponteceso.

Considerando a atribución concedida ao Pleno polo artigo 22.2.ñ) da Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local, competencia que se atopa delegada por acordo plenario do 13 de xullo de 2023.

Por todo o anterior, e tendo en conta que a Plataforma SUBTEL onde hai que subir os novos anexos e documentación complementaria do Plan pecha o vindeiro 30/04/2025, no uso das atribucións que me outorga a lexislación vixente, PROPOÑO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Primeiro.- Aprobar o proxecto actualizado: MELLORA DA CAPA DE RODADURA NA CAMPARA E NA BOUZA, redactado polo arquitecto, Gonzalo García Martínez, COAG 20.206, de marzo 2025, cun orzamento total (con IVE) que ascende a 43.990,82 €, incluído no POS+COMPLEMENTARIO 2025.

Segundo.- Dar traslado deste acordo á Deputación Provincial a través da plataforma SUBTEL

Terceiro.- Comunicar o contido desta Resolución ó Concello Pleno na primeira sesión ordinaria que teña lugar.

OAlcalde /(Asinado dixitalmente)”

As/os membros da Xunta de Goberno Local que están presentes aproban a proposta por unanimidade de votos a favor.

Non hai máis asuntos

O presidente remata a sesión ás 11:10 h e eu redacto esta acta como secretaria.

*Documento firmado dixitalmente o día e polas persoas que constan na marxe.